

PREGÓN SEMANA SANTA LUCENSE

MARICA CAMPO

IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO "A NOVA"

LUGO, 9 DE ABRIL DE 2025

Excelentísimo e Reverendísimo Señor don Alfonso Carrasco Rouco, Bispo da diocese de Lugo

Excelentísimo Señor don Miguel Fernández Méndez, Alcalde de Lugo

Excelentísimo Señor don Roberto Brezmes Caramanzana, Fiscal Xefe da Audiencia de Lugo

Ilustrísimo Señor don Pablo Rivera Capón , Deputado Provincial, representante do Presidente da Deputación

Ilustrísima Señora dona María Isabel Rodríguez López, Subdelegada do Goberno (?)

Ilustrísimo Señor Don Javier Arias Fouz, Delegado Territorial da Xunta de Galicia

Demais autoridades asistentes a este acto

Don Ramón Basanta Piñeiro, Coordinador Xeral da Xunta de Confrarías e Irmandades

Cregos, membros das confrarías, Señoras e Señores, amigos, moi ilustres e excelentes todos e todas.

Comparezo aquí agradecida pola honra que me fan confiando en min para ler este pregón. Con palabras tomadas da epístola de San Paulo aos Filipenses, direi que o fago con temor e tremor. Temor de non estar á altura de cantas e cantos me precederon neste cometido, temor de non cumprir as expectativas de quen mo encomendou. Temor de falar en presenza de tantas e tantos aos que unicamente debería escoitar. Entendan, xa que logo, que estas palabras non son máis que as reflexións que me fago a min mesma, non ensinanzas que, evidentemente, non ouso impartir.

Temor, dixen. Porén, é máis grande o tremor, a emoción que me embarga, ao pensar que, desde algunha fiestra celeste, o meu pai, que no seu día tamén foi confrade, estará escoitando á que foi unha filla rebelde defender as crenzas que, xunto coa miña nai e outros devanceiros nos transmitiu. E non menos tremor por poder proclamar aquí, publicamente, esas crenzas, no marco duns actos que non poucas persoas consideran folclóricos, vestixios de días de vella color.

Días de viejo color, así se titulaba unha película de 1967, o debut de Pedro Olea con guión de Ángel Llorente, o mesmo que escribiu o de *Volver a empezar* que había conseguir en 1983 o primeiro Óscar para o cine español.

Ao meu parecer, este filme, *Días de viejo color*, reflicte con acerto ese cambio de paradigma nas celebracións da Semana Santa. Coa música de fondo dos pasos procesionais, as vacacións dun grupo de mozas e mozos que viaxan a Torremolinos, son de todo menos piadosas. Hoxe, esa película que mesmo padeceu problemas coa censura, non tería razón de ser porque non nos contaría nada novo. O máis frecuente é iso e, mesmo as celebracións máis afervoadas por parte de confrades e costaleiros en lugares de fonda tradición nazarena, deveñen con frecuencia para quen as contemplan desde fóra en espectáculos, estéticos para uns, trasnoitados para outros, impropios, para moitos, dun Estado non confesional.

Porque sucede que, ao mesmo tempo que se reclama liberdade e independencia, como debe ser, para que cadaquén viva a súa vida conforme ás propias ideas e sentimentos, sempre que non sexan lesivos para a comunidade, hai quen nega o dereito a facer manifestación pública das propias crenzas, da propia fe. Á fin todo é consecuencia de non entender a verdadeira democracia.

Acontece que, fronte a outras épocas en que, por unha ou outra razón, a maioría dos habitantes deste país se declaraban católicos, agora as persoas crentes vivimos nun permanente estado de diáspora, é dicir, de dispersión

dentro dun grupo maioritario de xentes que se declaran ateas, agnósticas ou, cando menos, católicas non practicantes.

E tamén entre as persoas practicantes que non se consideran representadas por este xeito de expresar a fe alén do ámbito privado, xorden detractores dos pasos e procesións de Semana Santa. Quen lles fala non estaría aquí se non reivindicase o dereito a dicir en voz alta que acredito en Deus, grazas a Deus, e que me parecen estas escenificacións parateatrais xeitos ben didácticos de explicar a paixón de Cristo e de participar nela. Algo así como os autos sacramentais que tamén cumprían esa función. Mais, por se isto non abondase para defender estas maneiras da devoción popular, talvez conveña traer á memoria o que nos recorda San Mateo no capítulo 12, versículo 20 do seu Evanxeo, a se facer eco do profeta Isaías e referido ao Salvador: “ Non apagará a mecha que fumea”.

Dito con outras palabras, é cousa de aproveitar as brasas que quedan entre o remol para avivecer o lume da fe. Non hai que desbotar nada que nos lembre a historia da salvación.

Secasí, as cristiás e os cristiáns, acreditamos en que onde verdadeiramente se renova o misterio da morte e resurrección de Cristo é na Eucaristía.

E coñecemos tamén, consonte as súas palabras testamentarias, as pronunciadas aquela noite en que ía ser entregado, que todos os mandamentos se resumen no do amor ao próximo.

Mais deixo por un pouco os pensamentos transcendentais para perderme polos vieiros da miña memoria, e compartila con vostedes.

Son a quinta de oito irmáns e vin con oito anos estudar nesta cidade onde as miñas irmás maiores xa cursaban bacharelato. Sabía ler e lera xa moitos e diversos libros na biblioteca da casa. Non era a primeira vez que viña á capital onde residía boa parte da miña familia materna, sen embargo, eran as xentes e as paisaxes do Val do Mao, no Incio, as que foran configurando o meu universo simbólico.

Así, digo Domingo de Ramos e escoito o rumor das pólas de loureiro ao seren abaneadas dentro da igrexa. Ás veces, árbores enteiras no caso dos rapaces. Eles competían polo tamaño dos ramos e sempre os máis pequenos eran os das nenas. O adro, por onde había transcorrer a procesión, estaba alfombrado de espadanas e outras flores e plantas, mais é o fiúncho o que persiste con máis forza no meu recordo, acaso porque á imaxe visual se lle suma a olfactiva.

Lembro tamén ao sancristán recitando detrás dunha porta, nunha cerimonia que non identifico, un texto en dubidoso latín que el adaptaba buscándolles sentido a unhas palabras que non entendía e que provocaban a risa de nenos e maiores... e aí rematan as imaxes daquelas Semanas Santas primeiras, na aldea, que esvaecen na néboa do tempo.

Fronte a elas, as de Lugo eran todo un acontecemento, un espectáculo de grande plasticidade, sobre todo nunha época en que non tiñamos inflación de imaxes, o que xogaba a favor do asombro.

A primeira vez que fun aos oficios á catedral (debía ser un Xoves Santo), manifestei en voz alta, fondamente admirada: “Mamá, un emperador”. No coro estaban situadas as autoridades civís e militares e a indumentaria do gobernador, con guerreira branca e unha banda a lle cruzar o peito, evocábame a imaxe do emperador Francisco Xosé que vira na película *Sissi Emperatriz*, tan de actualidade a aquela altura. Non recordo se a miña nai, que deseguida me aclarou que era o gobernador, non o emperador, pensaba que era un erro léxico meu ou se identificou a orixe do equívoco.

Non perdiamos ningunha procesión. A presenza poderosa de don José Ferro, a súa voz potente e imperativa, a organizar a marcha, a manter a orde, é unha constante na evocación daqueles días. Os nenos caracterizados de romanos, tan metidos no rol, a tanxer os seus tambores e facer soar as trompetas, cunha dedicación semellante a dos seus netos, xa adultos, no Arde Lucus de agora. O patetismo das imaxes dos distintos pasos que, despois de tantos anos nos seguen a conmover. As cores diversas das túnicas e capirotos dos confrades, daquela homes todos. As e os ofrecidos camiñando descalzos, ás veces arrastrando cadeas, que desataban a nosa imaxinación a cavilar se expiarían unha longa culpa ou estaban a agradecer un gran favor do ceo.

A procesión da Burriña o Domingo de Ramos, a da Virxe da Esperanza, os luns, que branqueaba a cidade cos uniformes dos infantes de marina chegados desde Ferrol para desfilar tras da Nosa Señora e que, na parada diante do cárcere, interpretaban a salve mariñeira. (Esta parada tiña para nós un interese engadido porque agardabamos, se cadra non sen certo morbo infantil, a liberación dun preso). O Bo Xesús e o Nazareno o mércores. A visita aos monumentos, verdadeiro agasallo de flores e recendos ao Santísimo Sacramento nas distintas igrexas, o Xoves.

O Venres Santo co Desencravo e o Santo Enterro e, despois, a procesión dos Caladiños agora xustamente chamada das caladiñas porque está protagonizada maioritariamente por mulleres...

Non cito de xeito exhaustivo uns actos que, no fundamental, perduraron no tempo até hoxe. Só rastrexo na memoria aqueles días da miña nenez e primeira adolescencia marcados pola música relixiosa e a ausencia de calquera outro tipo de expansión festiva. Por iso o sábado pola tarde e o Domingo de Resurrección, máis aló do que se celebraba, eran xa de seu un abrir de comportas para deixar fluír outro tipo de sentimentos.

Días, polo tanto, outrora como agora, de grandes contrastes, a considerar o sufrimento da carne e a promesa da resurrección que xa se cumpriu en Cristo.

Á fin o humano e o divino mestúranse na súa persoa, e por iso non tería sentido celebrarmos estes misterios de costas á humanidade doente, masacrada, torturada, asasinada, crucificada en tantos e tantos lugares do mundo. Parafraseando o capítulo catro, versículo 20, do Evanxeo de San Xoán: “ Se alguén di que ama a Deus, a quen non ve, e aborrece ao seu irmán a quen ve, é un mentireiro”.

Se choramos ao Cristo do Calvario e non nos conmovemos cos mortos de Gaza, de diversos países africanos, como pode ser Yémen, de Ucraína, de Haití, por poñer só algúns exemplos de magna crueldade, ou mesmo dos que, non por propia vontade, participan nesas contendas, somos uns e unhas farsantes. Se choramos coa nai de Xesús e somos indiferentes á dor das nais que paren fillos e fillas para que llelos maten nas guerras que arman outros, vivimos nunha auténtica comedia.

Sabíao ben Curros Enríquez, o noso autor do Rexurdimento, do que, malia o seu anticlericalismo e a repulsa á ambición de poder temporal da Igrexa daquel tempo, malia todo, digo, se pode afirmar que era profundamente cristián. Nun artigo do Domingo de Pascua de 1895 publicado no xornal *La Tierra Gallega* da Habana, cualifica a morte de Cristo como “un dos sacrificios máis grandes dos que hai memoria na historia da humanidade” e pregúntase o motivo da súa condena para responder que foi o amor á súa terra, tan grande que non cabía en Xudea e se desbordou polo universo chamando a desfrutar dos seus beneficios a todos os homes. E engade: “Xesús non descendeu do Calvario aínda. Como viviu nas sociedades antigas, vive nas sociedades modernas”.

E conclúe: “Pero os Cristos de agora non son homes, son pobos”.

De homes e mulleres están feitos os pobos. Con necesidades imperiosas uns máis ca outros, con precariedade infinita e fame de ser. Chegan onda nós cargados de incertezas, a miúdo apostando a vida en mares e muros. Vivimos tempos aciagos. Os poderosos deste mundo non reparan en que as súas políticas baten na carne dos inocentes. Eles, elas e nós, todas e todos temos medo. Secasí, como lin hai máis de sesenta anos nun libro titulado *En Cristo Redentor*, da autoría do teólogo francés François Xavier Durrwell, “o único temor cristián, chámase esperanza, entrega de nós ao Deus que nos salva”. A entrega de nós ao Deus que nos salva, consonte o xa dito, non é real se non é entrega a quen nos precisa, acollemento, asilo, auxilio, portas abertas, pan e amor compartidos. Pan e amor compartidos na paz e no coidado da terra que habitamos. O único ‘pack’ de supervivencia eficaz é o amor.

Concluíndo: Falar da paixón levounos a falar de compaixón, mesmo sen empregarmos esa palabra. A compaixón non é sentir pena desde fóra por quen sofre, senón sentir con quen sofre, calzar os seus zapatos, vestir a súa pel, e tratar de mudar as realidades opresoras.

O teólogo Juan José Tamayo cita a Dietrich Bonhoeffer, teólogo mártir do nazismo, quen di que non se trata simplemente de vendar as feridas das vítimas que se encontran baixo das rodas da inxustiza, que hai que inmovilizar a roda mesma cunha panca, a da xustiza, para evitar que as rodas sigan a provocar vítimas”.

Velaí, coido, a mensaxe que nestes días nos transmitirán as cerimonia e procesións desta Semana Santa que, mercé ao arduo traballo das confrarías, en conexión coa catedral e as parroquias, desfilarán polas rúas da nosa cidade. Grazas, a elas por manter o lume aceso e a todos e todas vostedes pola súa atención.

Grazas, tamén, e parabéns ao Orfeón Lucense, ao seu director Marcos Manuel Fernández Mosquera e ao organista Nacho Samena polo agasallo seu magnífico agasallo musical.

Grazas

Marica Campo, 9 de abril de 2025

Igrexa da Nova